

28 marzo de 2022

Ola a todos,

Somos Carlos, Manuel e Xacobo, tres amigos que acabamos de comezar unha das rutas máis famosas (e longas) do Camiño de Santiago. Hoxe partimos desde a primeira etapa nun lugar que non está en España pero está moi preto. De feito cando rematemos a etapa de hoxe, tras percorrer uns 25 km a pé, chegaremos á localidade navarra de Roncesvalles. Queredes alguha pista máis? O nome do lugar no que nos atopamos tradúcese ao castelán como "San Juan Pie de Puerto" e atravesaremos os seus muros pasando por un gran arco de pedra cunha inscrición que di:

"Porta de Santiago. A entrada dos peregrinos".

Investigade un pouco e veredes que pronto dades co lugar desde o que vos enviamos esta carta.

Ata pronto amigos e... bo camiño!!

Carlos, Manuel e Xacobo